

## A mellor novela de aventuras que lin en moitos anos (Arteixo, 14-6-2013)

“Se hai unha novela de novelas que se presta coma ningunha outra para levar á praia estes días de sol e desfrutar da lectura, esa é, sen dúbida, *Costa do Solpor*. **A mellor novela de aventuras** –de piratas, corsarios e intrépidos mariños- **que lin** nos últimos anos. Magnificamente ambientada nas nosas costas. A novela de Lema comeza cun manuscrito onde un descoñecido escritor británico do século XIX narra as peripecias da viaxe de volta dunha misteriosa goleta inglesa cargada cun fabuloso tesouro. Un libro espléndido **á altura do clásico** de Robert L. Stevenson, *A illa do tesouro*. Altamente recomendable.”

[Modesto Fraga Moure, poeta, é tamén licenciado en Filloxía Galega e membro do PEN Club de Galicia]

[A librería de Arteixo Á lus do candil é propiedade do poeta de Fisterra Modesto Fraga e da súa compañeira Alba. Na presentación do 14 de xuño el fixo unha introdución improvisada que, polo entusiasmo que amosou, quedou transformada nunha presentación máis. Non quedou constancia escrita das súas palabras, tan só en breves mensaxes no seu Facebook, tales coma este]